



ASUNTO: DENEGAR DEVOLUCIÓN TAXA PROCESO SELECTIVO 3 AXENTES POLICIA LOCAL

En relación co escrito presentado por DIANA LORENZO REDONDO, con data 24/02/2021, con base nos seguintes:

Feitos

1º.- Por resolución da Alcaldía de data 09/02/2021 procedeuse á aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo convocado polo Concello de Monforte de Lemos para a provisión, en propiedade, de tres prazas de axente da Policía Local.

2º.- Na citada resolución dona DIANA LORENZO REDONDO figura como excluída por presentara a súa solicitude de participación fora de prazo.

3º.- Con data 24/02/21, dona DIANA LORENZO REDONDO, presenta solicitude devolución da taxa aboada para participar no proceso selectivo (18'87 €) baseando dita solicitude en que non figura nas listas de admitidos nin de excluídos e que polo tanto non pode participar no proceso selectivo .

4º.- Obra no expediente informe da Tesoureira municipal do seguinte tenor literal:

“ANTECEDENTES: Na data de 24.02.2021 (RE 2672) LORENZO REDONDO DIANA () presenta escrito no cal tras expoñer que intentou inscribirse na oposición para cubrir tres prazas de Policía local no Concello de Monforte de Lemos e que, por circunstancias na tramitación non foi admitida a súa solicitude para acceder as mesmas tras aboar 18,87€ das taxas solicita a devolución das referidas taxas ao non participar nas referidas probas da oposición por non estar incluída nas listas de admitidos nin excluídos ao non estar inscrita debido a un erro no envío da correspondente documentación.

Vista a Resolución de Alcaldía do día 9.02.2021 no cal resolveuse aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo tres axentes da Policía Local no cal consta no apartado Excluídos/as definitivamente nº 22 Lorenzo Redondo Diana, como causa de exclusión solicitude fora de prazo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS: Vista a Ordenanza fiscal número 2.12 reguladora das taxas para o estudio, análise e expedición de documentos que regula entre outras os dereitos de exame no seu artigo 4.

O artigo 2 regulador do feito impositivo dispón que constitúe o feito impositivo da Taxa, a actividade administrativa desenvolvida para a tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida o de expedientes dos que entenda a Administración ou as autoridades municipais. Para estes efectos, entenderase a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou o beneficiario aínda que este non o solicitara.

No artigo 3 establécese que son suxeito pasivos os contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en favor dos que se faga a expedición do documento ou a tramitación do expediente.

CSV: 07E50006D80900L0E8A4G9B4Y3



FIRMANTE - FECHA		DECRETO: 2021000324
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 10/03/2021		Fecha: 12/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 12/03/2021		Hora: 11:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/03/2021 11:01:20		Persona 76561868C





E no artigo 5 establécese que a taxa devindícase cando se realice a actividade administrativa de que se trate, non obstante, os suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar o depósito previo do seu importe no momento de formular a solicitude o que da lugar que no momento de presentar a solicitude de participación no proceso selectivo os solicitantes están obrigados a pagar a taxa.

O artigo 26.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se regula o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que cando por causa non imputable ao suxeito pasivo, o servizo público, a actividade ou o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste, procederá a devolución do importe correspondente.

Vistos os datos anteriores conclúese que procedería a devolución da taxa por dereitos de exame no caso de que a actividade, as probas selectivas non se celebraran, e fora por causa non imputable ao suxeito pasivo, non procedendo polo tanto a devolución neste caso posto que existe unha solicitude da interesada, e as probas celebráronse, sendo a causa de non participación imputable a interesada polo que INFÓRMASE que procede:

DENEGAR a solicitude de devolución das taxas polo concepto de taxa para o estudio, análise e expedición de documentos "Dereitos de Exame" realizada por LORENZO REDONDO DIANA ()."

Por todo o exposto, con base no citado informe da tesoureira municipal, e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 apartado a da Lei 7/1985, de 2 de abril, das bases do réxime local e o art. 61 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,

DISPOÑO:

Denegar a solicitude de devolución de taxa presentada por LORENZO REDONDO DIANA en base ás consideracións xurídicas contidas no informe de tesourería referenciado "ut supra."

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E50006D80900L0E8A4G9B4Y3



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006D80900L0E8A4G9B4Y3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 10/03/2021 JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 12/03/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/03/2021 11:01:20

DECRETO: 2021000324
Fecha: 12/03/2021
Hora: 11:01
Persona 76561868C

